



**CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO,
MATERIAL ESCOLAR E ACCESO AO FONDO PÚBLICO DE LIBROS NO CURSO
2018/19**

(Orde do 9 de maio de 2017; DOG, 21/05/2018).

1. DESTINATARIOS

a) Fondo de libros. Alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria. Todos os alumnos/as de 3º e 5º recibirán os libros do fondo de libros do colexio, coa obriga de devolvelos ao finalizar o mesmo. Só deberán adquirir os cadernillos de música e inglés.

Os alumnos de 4º e 6º poderán optar ao fondo de libros da Xunta. Para elo deben de facer a solicitude cubrindo os anexos correspondentes. Os libros deberán devolverse ao finalizar o curso ao Fondo Público da Xunta. Alumnos con renda per cápita familiar igual ou inferior a 5400€ recibirán 6 libros del fondo. Alumnos con renda entre 5.400 e 9000 € recibirán como mínimo 4 libros.

b) Axuda para adquisición de libros de texto. Alumnado de 1º e 2º de Ed. Primaria. Deben cubrir os anexos correspondentes. (Renda per cápita igual ou inferior a 5.400 € recibirán 170€. Rentas de mas de entre 5400 e 9000€ recibirán 90€).

c) Axuda para adquirir material escolar. Todo o alumnado de Ed. Primaria. Deben de solicitarse cubrindo os anexos. Os alumnos con renda igual o inferior a 5400€ recibirán un cheque de 50€

2. FORMA DE PRESENTACIÓN

A solicitude será única para todos os fillos admitidos no mesmo centro docente para o curso 2018/19.

Presentarase preferiblemente por vía electrónica cos formularios dispoñibles na aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) a través da sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>.

Opcionalmente poderase presentar na secretaría do Centro ou en calquer outro rexistro.

A solicitude deberá estar asinada pola nai/pai ou titor/a legal do alumnado aceptando así as bases da convocatoria.

O prazo de presentación será ata o 22 de xuño (este incluído)

Ademais do **Anexo I** debidamente cuberto deberá achegarse a seguinte documentación:

a) **Anexo II** onde figuren todos os membros computables

b) **Libro de familia** no que figuren os membros computables. De non reflecta a situación a 31 de decembro de 2016:

1. **Sentencia** xudicial de separación ou divorcio onde figure o convenio regulador e a custodia do menor.
2. **Certificado de convivencia.**
3. **Informe dos servizos sociais.**

c) Certificado do grao de discapacidade do alumno/a ou calquera membro da familia.

3 REQUISITOS

a) Ser nai/pai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación primaria durante o curso 2015/16 .

b) Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.

c) Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 9.000 euros no ano 2016

d) Ter devoltos os libros de texto e o material reutilizable adquirido coas axudas do curso 2017/18.

Unha vez que a solicitude estea debidamente tramitada e validada pola administración, o Centro xerará un ou máis vales, nos casos que corresponda, e que será entregado ao solicitante co que poderá adquirir os libros de texto no establecemento que decida, e polo importe máximo que figura nese vale, e/ou tamén material escolar polo importe de 50 euros, se fora o caso.

Os beneficiarios do Fondo Público de Libros de Texto da Xunta (4º e 6º de Ed. Primaria) terán dereito a recibir en préstamo, un número determinado de libros, que dependerá dos ingresos acreditados, e deberán entregalos no Colexio ao remate do curso 2017/18. Se hai libros de sobra adxudicaranse en función da renda entre tódalas solicitudes.

A Coruña, 22 de maio de 2018

A DIRECCIÓN